

DEBUXO ARTÍSTICO

1. BREVE INTRODUCCIÓN Á MATERIA.

A materia de **Debuxo Artístico I de 1º de BAC** profundiza no coñecemento do Debuxo como ferramenta creativa, e da unha base teórica e práctica dos conceptos fundamentais da representación tanto no ámbito artístico como en relación con outros ámbitos creativos e artísticos.

Os contidos que se traballan nesta materia teñen que ver con coñecer e manexar as **técnicas e materiais** para a representación e expresión gráfica; ampliar o coñecemento de **referentes artísticos** e da presenza do debuxo no arte, no deseño, e tamén disciplinas técnicas como a arquitectura; coñecer as ferramentas de **debuxo dixital** e vectorial e levar a cabo **proxectos gráficos** a partir do debuxo.

¡RESULTA INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR:

Un **grao universitario** relacionado coa Arte ou Deseño tanto artístico como dunha enxeñería ou arquitectura.

Ensinanzas artísticas superiores de Ilustración, Deseño de Interiores, Deseño de Moda ou Deseño de produto.

Ciclos de grao superior de Artes gráficas, Grabado, Confección e moda ou Deseño e amoblamento.